





# A REXEDOIRA-RÍO MENDO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 1,5 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 1 hora



Unha pequena ruta na parroquia de Filgueira de Barranca, no concello de Cesuras, para coñecer as fervezas do río Mendo, o principal afluente do Mandeo que nace en Foxado (Curtis), entre o coto da Carriceira e o monte da Graña.

O río ten un tramo con rápidos e varias fervezas en xistos e lousas. A máis grande mide arredor de 8 m de altura encaixada entra rochas.

**COMO CHEGAR:** na estrada de Curtis a Betanzos no km 19 hai un cruce á esquerda que indica A Rexidoira e Fervezas. Antes de cruzar a ponte hai un camiño á dereita que segue o río e leva a varias fervezas.

